

Primeiras verbas da Revista Nós

Pra ledicia de todos e pra enseño de moitos, sai oxe Nós.

É a ansia qu'oxe sinte Galizia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia luminosa do mañán, o que nos fai saír. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nósra Raza, e mais na eficacia do nóso esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado grorioso. Oxe chegou á vida na nósra Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nósra autividade creadora. Nós ven a recoller todos ises esforzos d'integración da Patrea galega no seu xa rico poliformismo.

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posiciós posibles respeito das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo coleitivo da superación, a orgullosa satisfaição de seren galegos.

Nós ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade de tódol-os valores galegos: dos nósos valores tradicionás, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nósra Terra.

Nós ha ser a representación no mundo da personalidade galega na súa ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra.

Nós ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro der de Galizia, do Enxebrismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nósra orixinalidade específica, a nósra capacidá de creación, o nóso autóctono dinamismo mental.

Querendo suprimir entremediaros antr'ó pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as suas páxinas a prestixosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideas no mundo civilizado.

Nada mais.

E, ós que s'asombren da nósra confianza, da nósra firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémoslle dicir que temol-a evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que total-as forzas do esprito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en todol-os que sintan d'iste xeito.

A todol-os que nos lean

SAÚDE E TERRA.